

XVI Premio de Xornalismo Francisco Fernández del Riego



FRANCISCO FERNÁNDEZ DEL RIEGO (Vilanova de Lourenzá, 1913 – Vigo, 2010) foi unha das figuras máis queridas e significativas da cultura galega do noso tempo. Ensaísta, narrador, editor e xornalista, pertenceu á promoción de intelectuais que xurdiron ao abeiro do Grupo Nós e o Seminario de Estudos Galegos. A súa longa obra foi un servizo permanente a Galicia, comprometido cos seus procesos de modernización e reconstrución da súa identidade cultural e política.

Foi membro do Partido Galeguista e das Mocidades Galeguistas, animador dos programas en lingua galega na BBC, cofundador da Editorial Galaxia e codirector da revista Grial. Colaborou en moi diversas publicacións periódicas, dentro e fóra de Galicia, e ata finais de 2009 foi director da Biblioteca da Fundación Penzol. Doou a súa obra e o seu patrimonio intelectual á cidade de Vigo, onde residiu desde o ano 1940.

O Premio de Xornalismo en lingua galega FRANCISCO FERNÁNDEZ DEL RIEGO naceu coa vocación decidida de animar e impulsar o uso do idioma galego nos medios de comunicación, ao tempo que recoñece a tradición literaria e xornalística das e dos escritores que utilizaron e utilizan a nosa lingua na prensa.

A figura de FERNÁNDEZ DEL RIEGO reúne as características esenciais que inspiran esta convocatoria: identidade coa lingua galega, espírito aberto e universal, compromiso ético e presenza activa no xornalismo, en que dirixiu e animou iniciativas moi diversas.

Afundación e Ámbito Cultural de El Corte Inglés homenaxean a súa figura e, a través deste premio que leva o seu nome, fan extensiva a homenaxe a escritoras, escritores e xornalistas que contribúen decote á construción do discurso cívico en Galicia.

BASES

1. O XVI Premio de Xornalismo Francisco Fernández del Riego acollerá **unicamente artigos propios do chamado xornalismo literario e de opinión cunha extensión máxima de dúas páxinas** no caso de edicións impresas e o seu equivalente para as edicións en dixital, publicados con nome ou pseudónimo, en calquera medio de comunicación impreso ou dixital de cabeceiras recoñecidas, entre o 1 de xaneiro e o 31 de decembro de 2018.

2. Os artigos deberán estar escritos en lingua galega.

3. Poderanse presentar todos aqueles escritores/as de artigos xornalísticos, maiores de idade, que cumpran co requisito sinalado na primeira destas bases.

4. Poderán presentar tamén propostas e candidaturas as institucións, públicas ou privadas, academias ou fundacións de todo o ámbito da convocatoria que o estimen oportuno.

5. As propostas nacidas ao amparo dos puntos anteriores deberán presentar orixinal e/ou documento en formato electrónico (PDF) da páxina completa do xornal ou revista que acollese a publicación.

Acompañando o traballo que se presenta ao concurso, indícarase o nome, enderezo postal, teléfono e NIF da persoa concursante ou, no seu caso, da propoñente, de xeito que se permita a rápida localización das persoas que asinan os traballos concorrentes.

6. Ademais, Afundación e Ámbito Cultural de El Corte Inglés poderán elixir un comité de lectura e preselección que levará a cabo, ao longo de todo

o ano, o seguimento que permita a previa selección e clasificación de todos aqueles artigos que estime que deban ser sometidos á consideración do xurado.

7. **Só se presentará un traballo por porsoa**, que deberá remitirse ao correo electrónico premios@afundacion.org, indicando no asunto: «Para o Premio de Xornalismo FRANCISCO FERNÁNDEZ DEL RIEGO», ou á Sede Afundación, na rúa Policarpo Sanz, 26 - 36202, Vigo, nun sobre pechado e indicando no exterior: «Para o Premio de Xornalismo Francisco Fernández del Riego». O prazo de recepción de traballos rematará **o día 24 de abril de 2019**.

8. Afundación e Ámbito Cultural de El Corte Inglés designarán o xurado, que estará formado por persoas de recoñecido prestixio nos ámbitos xornalístico, literario e/ou académico.

9. O xurado cualificador conta con capacidade para resolver cantas cuestións merecesen ser consideradas para a interpretación das presentes bases. A súa decisión será inapelable.

10. Afundación e Ámbito Cultural de El Corte Inglés non manterán correspondencia coas persoas concursantes e/ou propoñentes e inmediatamente despois de daren a coñecer a resolución do xurado procederán á destrución dos orixinais presentados.

11. Afundación e Ámbito Cultural de El Corte Inglés resérvanse o dereito de reprodución do traballo premiado, así coma de calquera outro que, presentado ao certame, mereza esa consideración en opinión do xurado.

12. O xurado cualificador reunirse na Sede Afundación de Pontevedra e resolverá o premio no primeiro semestre de 2019. Con posterioridade, realizarase a entrega do premio nun acto público.

13. O premio terá unha retribución de 6000 euros á que se aplicará a retención correspondente.

14. A presentación ao certame implica a aceptación das presentes bases.


15. Os datos de carácter persoal que faciliten as/os autores, así coma os demais datos do mesmo carácter relativos a elas e eles que Afundación e El Corte Inglés S.A. obteñan como consecuencia da convocatoria, desenvolvemento e, no seu caso, entrega do premio, serán tratados de acordo ao Regulamento (EU) 2016/679 Xeral de Protección de Datos. Constitúe a lexitimación do tratamento a relación contractual derivada da participación de cada autora ou autor nos premios. Os datos serán conservados ata a entrega do premio á persoa gañadora, conservándose as devanditas entidades posteriormente durante o prazo de dez anos. O autor ou autora poderá exercer os seus dereitos de acceso, rectificación, supresión e, en ocasións, limitación do tratamento, dirixíndose a (i) Afundación: Comité de Privacidade, Rúa Santo Andrés 135, andar 2, 15003, A Coruña e/ou a (ii) El Corte Inglés S.A.: Calle de Hermsilla, 112, 28009 Madrid.

Consonte ao RDL 1/1996, de 12 de abril, relativo á Propiedade Intelectual, recoñecerase a autoría das obras. O autor/a da obra premiada cede a Afundación e a El Corte Inglés S.A. os seus dereitos de distribución, reprodución e difusión —en particular a través das webs, redes e perfís sociais destas— e comprométese a subscribir con ambas os correspondentes documentos.

En Pontevedra, decembro de 2018

XL Premio de Periodismo

Julio Camba



Julio Camba

JULIO CAMBA (Vilanova de Arousa, 1884 – Madrid, 1962) pertenece a la estirpe de los grandes escritores que desarrollaron buena parte de su actividad en los periódicos, al igual que Wenceslao Fernández Flórez, Josep Pla, Azorín, Álvaro Cunqueiro, Max Aub, Corpus Barga... Personaje de biografía viajera, corresponsal en distintos países, autor de espíritu libre y talante liberal, su obra ha sido recogida en diversos volúmenes y es estudiada tanto en las facultades de Humanidades como de Periodismo. Entre sus títulos más conocidos destacan *Un año en el otro mundo* (1916), *Alemania, impresiones de un español* (1916), *La rana viajera* (1920), *Aventuras de una peseta* (1923), *La casa de Lúculo o el arte de comer* (1929), *La ciudad automática* (1932), *Haciendo de República* (1934), etc.

Su obra se caracteriza por la imaginación y el humor, la capacidad de observación y un espíritu crítico, literario, que captura al lector con inteligencia y extraordinaria eficacia.

El Premio de Periodismo JULIO CAMBA, convocado por Afundación y Ámbito Cultural de El Corte Inglés, cumple treinta y nueve años de existencia. A lo largo de sus convocatorias han concurrido al mismo personalidades destacadas de las letras.

La figura de JULIO CAMBA constituye una referencia ya clásica en el periodismo en lengua española. El humor, la capacidad de observación y la inteligencia crítica de este gallego universal iluminan algunas de las mejores páginas de la literatura en prensa periódica.

Con este premio, Afundación y Ámbito Cultural de El Corte Inglés quieren estimular el discurso cívico en el periodismo.

BASES

1. El XL Premio de Periodismo JULIO CAMBA acogerá **únicamente artículos propios del llamado periodismo literario y de opinión con una extensión máxima de dos páginas** en el caso de ediciones impresas y su equivalente para las ediciones en digital, publicados con nombre o pseudónimo, en cualquier medio de comunicación impreso o digital de cabeceras reconocidas, entre el 1 de enero y el 31 de diciembre de 2018.

2. Los artículos deberán estar escritos en castellano.

3. Podrán presentarse todas aquellas escritoras/es de artículos periodísticos, mayores de edad, que cumplan con el requisito señalado en la primera de estas bases.

4. Podrán presentar también propuestas y candidaturas las instituciones, públicas o privadas, academias o fundaciones de todo el ámbito de la convocatoria que lo estimen oportuno.

5. Las propuestas nacidas al amparo de las bases anteriores deberán presentar original y/o documento en formato electrónico (PDF) de la página completa del periódico o revista donde el artículo haya sido publicado.

Acompañando el trabajo a concurso, se indicarán el nombre, dirección postal, teléfono y NIF de la persona concursante o, en su caso, de la proponente, de manera que se permita la rápida localización de cada firmante de los trabajos concurrentes.

6. Además, Afundación y Ámbito Cultural de El Corte Inglés podrán elegir un comité de lectura y preselección que llevará a cabo, a lo largo de todo

el año, el seguimiento que permita la previa selección y clasificación de todos aquellos artículos que estime que deban ser sometidos a la consideración del jurado.

7. **Solo se presentará un trabajo por persona**, que deberá remitirse al correo electrónico premios@afundacion.org, indicando en el asunto: «Premio de Periodismo JULIO CAMBA», o a la Sede Afundación, en la calle Policarpo Sanz, 26 - 36202, Vigo, en un sobre cerrado e indicando en el exterior: «Para el Premio de Periodismo JULIO CAMBA». El plazo de recepción de trabajos finalizará **el día 24 de abril de 2019**.

8. Afundación y Ámbito Cultural de El Corte Inglés designarán el jurado, que estará constituido por personas de reconocido prestigio en los ámbitos periodístico, literario y/o académico.

9. El jurado calificador cuenta con capacidad para resolver cuantas cuestiones merezcan ser consideradas para la interpretación de las presentes bases. Su decisión será inapelable.

10. Afundación y Ámbito Cultural de El Corte Inglés no mantendrán correspondencia con las personas concursantes y/o proponentes e inmediatamente después de dar a conocer el fallo del jurado procederán a la destrucción de los originales presentados.

11. Afundación y Ámbito Cultural de El Corte Inglés se reservan el derecho de reproducción del trabajo premiado, así como de cualquier otro que, presentado al certamen, merezca esa consideración en opinión del jurado.

12. El jurado calificador se reunirá en la Sede Afundación de Pontevedra y fallará el premio en el primer semestre de 2019. Con posterioridad se realizará la entrega del premio en un acto público.

13. El premio tendrá una retribución de 6000 euros a la que se aplicará la retención correspondiente.

14. La presentación al certamen implica la aceptación de las presentes bases.

15. Los datos de carácter personal que faciliten las/los autores, así como los demás datos del mismo carácter relativos a ellas y ellos que Afundación y El Corte Inglés S.A. obtengan como consecuencia de la convocatoria, desarrollo y, en su caso, entrega del premio, serán tratados de acuerdo al Reglamento (EU) 2016/679 General de Protección de Datos. Constituye la legitimación del tratamiento la relación contractual derivada de la participación de cada autora o autor en los premios. Los datos serán conservados hasta la entrega del premio a la persona ganadora, conservándose dichas entidades posteriormente durante el plazo de diez años. El autor o autora podrá ejercer sus derechos de acceso, rectificación, supresión y, en ocasiones, limitación del tratamiento, dirigiéndose a (i) Afundación: Comité de Privacidad, Calle San Andrés 135, piso 2, 15003, A Coruña y/o a (ii) El Corte Inglés S.A.: Calle de Hermosilla, 112, 28009 Madrid.

De acuerdo al RDL 1/1996, de 12 de abril, relativo a la Propiedad Intelectual, se reconocerá la autoría de las obras. El autor/a de la obra premiada cede a Afundación y a El Corte Inglés S.A. sus derechos de distribución, reproducción y difusión —en particular a través de las webs, redes y perfiles sociales de estas— comprometiéndose a suscribir con ambas los correspondientes documentos.

En Pontevedra, diciembre de 2018